


AS ESCUMAS DA LETRA



ESPERANZA L. MARIÑO DAVILA

SINOPSE

A teor do subtítulo do libro, na biografía, con sólidas raíces na cidade da Coruña e na súa prolongación atlántica, pódese percibir a evolución da escritora, a configuración da personalidade xunto coa forxa do compromiso social e político, nun vencello particular coa lingua e a literatura, mais tamén co ensino público e sempre con Galiza. Nunha liña de coherencia absoluta entre vida e obra, o volume componse de dúas partes, pois os aspectos biográficos complementáanse co estudo da extensa obra literaria.

Segundo unha cita textual da autora Esperanza Mariño, o feito de ser Luísa Villalta unha “escritora polifacética que desenvolveu os catro xéneros literarios - poesía, narrativa, teatro e ensaio- xunto coa tradución e o xornalismo sendo, ademais, prolífica, con certeza constitúe algo pouco habitual no mundo literario. Cómpre salientar unha faceta minimizada, como a do exercicio da crítica literaria que, a pesar de ter sido menos practicada, nela demostrou unha agudeza e precisión pouco usuais. Sen esquecer tampouco a cooperación na elaboración de manuais didácticos para o ensino secundario. As editoriais nas que publicou foron moi diversas, pero sempre se caracterizaron polo compromiso coa lingua e cultura galegas. Relacionado co anterior, estivo pronta a colaborar en publicacións periódicas ou volumes colectivos e mesmo en revistas en liña”.


En conclusión, o estudo pormenorizado e global garante unha imaxe fidedigna e completa de Luísa Villalta, como ser humano e como artista, do mesmo xeito que corrobora a súa importancia para a lingua e literatura galegas e, por extensión, para a cultura, alicerzada na escolla para o Día das Letras de 2024.

...




| | |
|--------------------|--------------------|
| Editora | BAIA EDICIONS S.L. |
| Materia | ENSAIO E BIOGRAFÍA |
| Colección | BAIA ENSAIO |
| EAN | 9788499954431 |
| Estado | Disponible |
| Encadernación | Tapa blanda |
| Páxinas | 164 |
| Tamaño | 220x150x10 mm. |
| Peso | 285 |
| Prezo (Imp.inc.) | 3,00€ |
| Idioma | Galego |
| Data de lanzamento | 09/01/2024 |


Títulos relacionados




RAFAEL DIESTE. A FRANQUEZA E O MISTERIO
FDEZ. COSTAS, X.M. E RABUNHAL CORGO, H.



AS MULLERES NA FILOSOFIA
INES FERNANDEZ BUJAN



AS MULLERES NAS MATEMATICAS
MATILDE RIOS FACHAL



AS CREBAS. OUTRO XEITO DE ANDAR AO MAR
FRANCISCO FERNANDEZ, MARIBEL LONGUEIRA